

EDICIÓN **VIRTUAL**

ENCONTRO **AGPI**

17º Encontro Galego de Ilustración *"Máis aló do papel"*

14 novembro 2020



inscripción: bigmarker.com/series/EncontroAGPI

+info: agpi.es/encontro

17 ENCONTRO GALEGO DE ILUSTRACIÓN

Esta decimosétima edición do *Encontro*, a primeira que se desenvolve integramente online, aborda a importancia da ilustración alén do campo editorial. A través das experiencias de creadores en distintos ámbitos, como os videoxogos, as apps móbiles ou o mundo audiovisual e escénico, o *Encontro* pretende ampliar a visión das aplicacións e posibilidades laborais desta disciplina artística.

Os autores convidados para esta edición visibilizarán partes da nosa profesión menos coñecidas, en mercados crecentes e en clara expansión. **Susy Broullón** falará da súa aventura no mundo dos videoxogos, **Javi de Castro** das súas experiencias no mundo dixital e **Montse Piñeiro** amosará as posibilidades da interacción entre distintas disciplinas artísticas. Ademais, **Isabel Méndez** impartirá un obradoiro sobre un tema esencial da profesión: a protección dos dereitos de autor, tanto nos contratos como no incerto mundo da internet.

Un programa completo para un *Encontro* ao que queremos convidar a todos aqueles que gozan coa Ilustración.

Esta decimoséptima edición del *Encontro*, la primera que se desarrolla íntegramente online, aborda la importancia de la ilustración más allá del campo editorial. A través de las experiencias de creadores en distintos ámbitos, como los videojuegos, las apps móbiles o el mundo audiovisual y escénico, el *Encontro* pretende ampliar la visión de las aplicaciones y posibilidades laborales de esta disciplina artística.

Los autores invitados para esta edición visibilizarán partes de nuestra profesión menos conocidas, en mercados crecientes y en clara expansión. **Susy Broullón** hablará de su aventura en el mundo de los videojuegos, **Javi de Castro** de sus experiencias en el mundo digital y **Montse Piñeiro** mostrará las posibilidades de la interacción entre distintas disciplinas artísticas. Además, **Isabel Méndez** impartirá un taller sobre un tema esencial de la profesión: la protección de los derechos de autor, tanto en los contratos como en el incierto mundo de internet.

Un programa completo para un *Encontro* al que queremos invitar a todos aquellos que disfrutan con la Ilustración.



PROGRAMA



SESIÓN DE MAÑÁ

10:00 h. **MÁIS ALÓ DO JPG / MÁS ALLÁ DEL JPG**

■ **Javi de Castro** javidecastro.com

A charla afonda na faceta como ilustrador e debuxante de Javi de Castro, analizando a súa experiencia no medio dixital.

La charla profundiza en la faceta como ilustrador y dibujante de Javi de Castro, analizando su experiencia en el medio digital.

11:30 h. **VIDEOXOGOS E MANGA: PÓDESE VIVIR DISO? / VIDEOJUEGOS Y MANGA: ¿SE PUEDE VIVIR DE ESO?**

■ **Susy Broullón** [instagram.com/susy_broullon](https://www.instagram.com/susy_broullon)

A charla fai un percorrido pola traxectoria profesional da artista e amosa como o que comeza como unha afección pode chegar a converterse nunha profesión.

La charla hace un recorrido por la trayectoria profesional de la artista y muestra cómo lo que comienza como una afición puede llegar a convertirse en una profesión.

12:55 h. **LANTERNA MÁXICA / LINTERNA MÁGICA**

■ **Montse Piñeiro** montsepinheiro.com

Esta charla versa sobre a relación entre o debuxo, a pintura e a luz, sobre os distintos usos dos recursos gráficos na videocreación e o interese en xerar un diálogo entre procesos dixitais e analóxicos á hora de crear material visual.

Esta charla versa sobre la relación entre el dibujo, la pintura y la luz, sobre los distintos usos de los recursos gráficos en la videocreación y el interés en generar un diálogo entre procesos digitales y analógicos a la hora de crear material visual.

SESIÓN DE TARDE

17:00 h.

KIT DE SUPERVIVENCIA PARA CREADOR@S: **Ferramentas legais para protexer os teus dereitos de autoría /** **Herramientas legales para proteger tus derechos de autoría**

■ **Isabel Méndez** firmadopor.com

Neste obradoiro veranse os conceptos fundamentais dos dereitos de autoría e como xestionalos e protexelos, desde o coñecemento e a liberdade de saber que estamos asinando, como estamos compartindo as nosas creacións en internet ou que dereitos estamos cedendo nos nosos contratos.

En este taller se verán los conceptos fundamentales de los derechos de autoría y cómo gestionarlos y protegerlos, desde el conocimiento y la libertad de saber qué estamos firmando, cómo estamos compartiendo nuestras creaciones en internet o qué derechos estamos cediendo en nuestros contratos.

PRESENTA E MODERA

■ **Neves Rodríguez** aaag.gal/catalogo/nieves-rodriguez



PARTICIPANTES



JAVI DE CASTRO



javidecastro.com

Javi de Castro (León,1990) é un ilustrador e debuxante de BD, é o autor de obras como *La última Aventura*, *Que no, que no me muero* ou *Larson*. O seu traballo foi galardoado en 2016 como mellor autor revelación no Salón do cómic de Barcelona. Destaca ademais por outras iniciativas innovadoras dentro do mundo dixital, como a app *Crímenes ilustrados*, e pola súa faceta como autor de webcomic, que en 2020 o levou a ser nomeado a un Eisner e un Harvey pola súa obra *The Eyes*.

Javi de Castro (León,1990) es un ilustrador y dibujante de tebeos, es el autor de obras como *La última Aventura*, *Que no, que no me muero* o *Larson*. Su trabajo fue galardonado en 2016 como mejor autor revelación en el Salón del cómic de Barcelona. Destaca además por otras iniciativas innovadoras dentro del mundo digital, como la app *Crímenes ilustrados*, y por su faceta como autor de webcomic, que en 2020 lo llevó a ser nominado a un Eisner y un Harvey por su obra *The Eyes*.

SUSY BROULLÓN



[instagram.com/susy_broullon](https://www.instagram.com/susy_broullon)

Susana Broullón (Cangas do Morrazo, 1987) é artista senior de videoxogos. Iniciou a súa carreira como *game artist* en Gameloft, onde viviu de primeira man a expansión do mercado móbil en xogos e levou a cabo a arte conceptual e interface para diferentes títulos, entre os que destacan *Despicable me: Minion Rush* e a franquicia *Asphalt*. Actualmente traballa en King Barcelona, a empresa creadora de *Candy Crush*, participou en títulos como *Bubble Witch 3* e se especializou na experiencia de usuario. Paralelamente, no seu tempo libre, realiza traballos de estética manga para editoriais e eventos.

Susana Broullón (Cangas do Morrazo, 1987) es artista senior de videojuegos. Inició su carrera como *game artist* en Gameloft, donde vivió de primera mano la expansión del mercado móvil en juegos y llevó a cabo el arte conceptual e interfaz para diferentes títulos, entre los que destacan *Despicable me: Minion Rush* y la franquicia *Asphalt*. Actualmente trabaja en King Barcelona, la empresa creadora de *Candy Crush*, participó en títulos como *Bubble Witch 3* y se especializó en la experiencia de usuario. Paralelamente, en su tiempo libre, realiza trabajos de estética manga para editoriales y eventos.

MONTSE PIÑEIRO



montsepinheiro.com

Montse Piñeiro investiga a relación entre a luz e a imaxe en proxectos de diversa índole, e desempeña a súa labor principalmente nos ámbitos escénico e audiovisual. Especializada en iluminación, fórmase paralelamente como ilustradora e ceramista, e de forma autodidacta en videocreación e animación paso a paso. A artista crea pezas audiovisuais para as artes vivas a través do emprego do debuxo en proxeccións, animacións e ilusións ópticas.

Montse Piñeiro investiga la relación entre la luz y la imagen en proyectos de diversa índole, y desempeña su labor principalmente en los ámbitos escénico y audiovisual. Especializada en iluminación, se forma paralelamente como ilustradora y ceramista, y de forma autodidacta en videocreación y animación paso a paso. La artista crea piezas audiovisuales para las artes vivas a través del uso del dibujo en proyecciones, animaciones e ilusiones ópticas.

ISABEL MÉNDEZ



firmadopor.com

Isabel Méndez é avogada e consultora especializada en propiedade intelectual. A través da súa consultoría, *Firmado por*, axuda a creadores, editoriais e empresas a xestionar e protexer o seu ben máis prezado, a propiedade intelectual das súas obras. *Firmado por* naceu da vontade de axuntar os seus coñecementos e experiencia xurídica con aquilo que máis lle gusta e coñece de primeira man: a creación e as súas vicisitudes.

Isabel Méndez es abogada y consultora especializada en propiedad intelectual. A través de su consultoría, *Firmado por*, ayuda a creadores, editoriales y empresas a gestionar y proteger su bien más preciado, la propiedad intelectual de sus obras. *Firmado por* nació de la voluntad de aunar sus conocimientos y experiencia jurídica con aquello que más le gusta y conoce de primera mano: la creación y sus vicisitudes.

NEVES RODRÍGUEZ



aaag.gal/catalogo/nieves-rodriquez

Actriz e presentadora, ten participado en diversas series de televisión e en obras de teatro como *Invisibles* (Redrum Teatro, 2018). Obtivo o Premio Mestre Mateo á mellor comunicadora en 2018 polo seu traballo no programa *Vaia troula!* Entre 2014 e 2018 conduciu o programa radiofónico *Metrópoles delirantes*, dedicado á banda deseñada.

Actriz y presentadora, ha participado en diversas series de televisión y en obras de teatro como *Invisibles* (Redrum Teatro, 2018). Obtuvo el Premio Mestre Mateo a la mejor comunicadora en 2018 por su trabajo en el programa *Vaia troula!* Entre 2014 y 2018 condujo el programa radiofónico *Metrópoles delirantes*, dedicado al cómic.

**INFORMACIÓN
XERAL**

**INFORMACIÓN
GENERAL**



DATAS / FECHA

Sábado 14 de novembro do 2020 / Sabádo 14 de noviembre de 2020

FORMATO

Novo formato virtual

As charlas emitiranse en directo en formato webinar. O público poderá participar con preguntas por escrito, que serán formuladas ao final das charlas.

Nuevo formato virtual

Las charlas se emitirán en directo en formato webinar. El público podrá participar con preguntas por escrito, que serán formuladas al final de las charlas.

INSCRICIÓN / INSCRIPCIÓN

Asistencia gratuita previa inscrición

É preciso rexistrarse para asistir ao *Encontro*. As prazas son limitadas, e a inscrición farase exclusivamente a través da web...

Asistencia gratuita previa inscrición

Es necesario registrarse para asistir al *Encontro*. Las plazas son limitadas, y la inscripción se hará exclusivamente a través de la web...

bigmarker.com/series/EncontroAGPI

EQUIPO TÉCNICO

Dirección e produción / Dirección y producción: Bernal Prieto, Miguel Cuba e Elerre.

Redes sociais / Redes sociales: Aynara Pereiro e Miguel Nigure.

Organiza:



AGPI é membro de:



Coa colaboración de:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO